

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Emprego e Economía Social

Resolución de inscrición e publicación do acordo de ratificación do acordo sobre condicións salariais da industria auxiliar dos estaleiros públicos da Ría de Ferrol

O 26 de febreiro de 2019 asínase o texto do acordo adoptado entre as partes lexitimadas para a ratificación do acordo sobre condicións salariais da industria auxiliar dos estaleiros públicos da Ría de Ferrol, tal e como recolle a disposición transitoria primeira do convenio para a industria siderometalúrxica da provincia da Coruña.

Este acordo adoptouse ao abeiro do Acordo interprofesional galego (AGA) sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo publicado no DOG núm. 98, do 24 de maio de 2013). Tras chegar ao acordo solicítase a súa inscrición e publicación con data 7 de xuño de 2019.

De acordo co disposto no artigo 90 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (BOE núm. 255, do 24 de outubro de 2015) e no artigo 2.1 e concordantes do Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo (BOE núm. 143, do 12 de xuño de 2012), así coma na Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se crea o rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 222, do 18 de novembro), modificada pola Orde do 14 de marzo (DOG núm. 60, do 26 de marzo de 2013).

Considerando que a Xefatura Territorial de Economía, Emprego e Industria da Coruña é competente para resolver a inscrición do acordo de mediación de 26 de febreiro de 2019 e para dispoñer a súa publicación segundo o disposto no artigo 62.2 en consonancia co artigo 35 do Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria (DOG núm. 18, do 25 de xaneiro de 2018).

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. A inscrición do acordo de mediación de 26 de febreiro de 2019, sobre condicións salariais da industria auxiliar dos estaleiros públicos da Ría de Ferrol, no Rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A remisión do acordo de mediación de 26 de febreiro de 2019, sobre condicións salariais da industria auxiliar dos estaleiros públicos da Ría de Ferrol, ó Boletín Oficial da Provincia da Coruña para a súa publicación.

A Coruña, 11 de xuño de 2019

O xefe territorial de economía, emprego e industria

Isidoro Martínez Arca

ACORDO DE RATIFICACIÓN DO ACORDO SOBRE CONDICIÓN SALARIAIS DA INDUSTRIA AUXILIAR DOS ESTALEIROS PÚBLICOS DA RÍA DE FERROL

En Ferrol, ás 11.00 horas do día 26 de febreiro de 2019, na Escala Universitaria de Relacións Laborais, reúnen as partes que a continuación se reflicten, constituídas na Comisión de Conciliación e Mediación prevista no artigo 18 do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA), segundo acta de constitución asinada en data de hoxe, para a ratificación do acordo sobre condicións salariais da industria auxiliar dos estaleiros públicos da Ría de Ferrol, tal e como recolle a disposición transitoria primeira do convenio para a industria siderometalúrxica da provincia da Coruña.

Parte empresarial

Jorge Silveira Rey (presidente Asociación de empresas dos sector naval público da Ría de Ferrol)

Roberto Bauzás Saavedra (vicepresidente)

Clara Iglesias Vázquez (secretaria xeral)

Rosa Freire Pazos (tesoureira) Juan Ramón Sousa Ferreiro (vocal)

Alejandro Marino Graña (GALICITIO)

Parte sindical

Víctor Ledo Suárez (CC.OO.)

Roberto Villasouso Vázquez (CC.OO.)

Vicente Vidal Díaz (CIG)

Rodolfo Fernández Vázquez (CIG)

María Palacios Conde (UGT)

José Ramón Ramos Fernández (UGT)

Juan José Novo Díaz (MAS)

Carlos García Bermúdez (MAS)

Coa mediación de Verónica Martínez Barbero, acadan un acordo en base ós seguintes puntos:

1.–Todas as persoas que traballen nas instalacións dos estaleiros públicos da Ría de Ferrol percibirán o plus non consolidable referido no presente acordo.

2.–**Ámbito territorial.**–Este plus será de aplicación na Ría de Ferrol para todas as empresas que realicen calquera tipo de traballo nas instalacións dos estaleiros públicos.

3.–**Ámbito temporal.**–Este plus está a aplicarse, alomenos, desde o día que foi incorporado como disposición transitoria do convenio colectivo do sector da industria siderometalúrxica da provincia da Coruña e gozará da ultraactividade do dito convenio.

4.–Este plus percibirase diferenciado por categorías, e máis por tipos de actividades das empresas, distinguindo dous tipos: as empresas encadradas en aceiros, por unha banda, e as empresas encadradas en pintura e servizos, pola outra. Acórdase tamén que as contías deste plus incrementaranse na mesma porcentaxe na que se incrementen os demais conceptos económicos do convenio colectivo do sector da industria siderometalúrxica da provincia da Coruña. As cantidades a abonar no día de hoxe, consonte aos ditos incrementos, polo dito plus, recóllense nas táboas das páxinas 3 e 4 deste acordo.

5.–**Comisión de seguimento.**–Non obstante as funcións legal e convencionalmente recoñecidas á comisión paritaria ao convenio colectivo do sector da industria siderometalúrxica da provincia da Coruña, as partes acordan a creación dunha comisión de seguimento deste plus, conformada por catro integrantes de cada unha as partes empresarial e sindical referidas, que asumirá as funcións que en cada momento resulten necesarias para a aplicación axeitada do presente acordo.

O que asinan as partes referidas, indicado en proba de conformidade, ás 12.30 horas do día indicado.

TÁBOA COS PLUSES POR CATEGORÍA E TIPO DE ACTIVIDADE

ACEIROS (cantidades a pagar en todas nas 12 mensualidades)			
Categorías	Publicación (40%)	01.01.2019 (70%)	01.11.2019 (100%)
Of. 1. ^a	219	384	547,29
Of. 2. ^a	91	160	227,19
Of. 3. ^a	61	107	152,20
Especialista	30	53	75,60

PINTURAS E SERVIZOS (cantidades a pagar en todas nas 12 mensualidades)			
Categorías	Publicación (40%)	01.01.2019 (70%)	01.11.2019 (100%)
Of. 1. ^a	91	160	227,63
Of. 2. ^a	74	130	183,91
Of. 3. ^a	57	100	141,91
Especialista	30	53	74

PLUS DIARIO (cantidades a pagar cando non se traballa todo o mes no estaleiro)				
ACEIROS	Of. 1.^a	Of.2.^a	Of.3.^a	Especialista
	29,85	12,40	8,30	4,13
PINTURAS E SERVIZOS	12,41	10,03	7,74	4,05

2019/4754